ACTA DA REUNIÓN DA ASEMBLEA XERAL DA ARD RÍA DE MUROS NOIA
20 DE FEBREIRO DE 2024

O día 20 de febreiro de 2024, ás 9:32 h. en formato de videoconferencia, reúnese a Asemblea Xeral da Asociación Rural de Desenvolvemento Ría de Muros-Noia.

Asistentes:

-Dona María Teresa Villaverde Pais, con DNI núm. 76517422X, Presidenta da ARD Ría de Muros Noia e Alcaldesa do Concello de Lousame.

-Don Manuel González López, con DNI núm. 78793193T, Secretario da ARD Ría de Muros Noia e Alcalde do Concello de Outes.

-Don José Santiago Freire Abeijón, con DNI núm. 33272327K, Vogal da ARD Ría de Muros Noia e Alcalde do Concello de Noia.

-Don Luis Oujo Pouso, con DNI núm. 33283149X, Tesoureiro da ARD Ría de Muros Noia e Alcalde do Concello de Porto do Son.

Os asistentes supoñen o 80% dos socios, incluídos a Presidenta e o Secretario, polo que a Presidencia declara legalmente constituída a Asemblea.

Comeza a reunión coa seguinte orde do día:

Orde do día.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión da Asemblea Xeral de 21/07/2023.
2.- Aprobación, se procede de Cotas de socios e orzamento para o exercicio 2024.
3.- Concorrencia á convocatoria de axudas do GALP co proxecto: “Cultura Xacobea na Costa Sostible”. Autorización á Presidencia da ARD Ría de Muros Noia a asinar un Acordo de colaboración cos concellos integrados na Asociación e outros concellos para a promoción dos camiños xacobeos e para a participar na solicitude de axudas ante o GALP Costa Sostible.
4.- Concorrencia á convocatoria de axudas da Deputación da Coruña a cargo do programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas da provincia da Coruña (DP0030/2024).

5.- Operacións de tesourería condicionadas con cargo á subvención da Deputación da Coruña e do GALP Costa Sostible.

6.- Rogos e preguntas.

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión da Asemblea Xeral de 21/07/2023.

Procédese á votación.

Acordo 1.1.

Apróbase por unanimidade a Acta da reunión da Asemblea Xeral de 21/07/2023.

2.- Aprobación, se procede das cotas de socios e orzamento para o exercicio 2024.

Acordo 2.1.

Apróbanse en votación única as cotas de socios para o exercicio 2024 e o presuposto para o mesmo exercicio 2024 segundo o seguinte cadro:

INGRESOS		**200.525**
1. Cotas dos socios		**88.525**
Lousame	6.000	
Muros	15.000	
Noia	32.090	
Outes	14.623	
Porto do Son	20.812	
2. Subvencións		**112.000**
Convenio coa Axencia Turismo de Galicia	40.000	
Subvención Deputación da Corula	72.000	
GASTOS		**200.525**
1. Comunicación		**43.000**
Gabinetes de comunicación	23.000	
Acordos con prensa	12.000	
Redes sociais	8.000	
2. Web e ferramentas dixitais		**14.600**
Web do xeodestino	2.000	
E-Menú. Servizo a hostaleiros.	3.800	
Canle IP	3.300	
Axenda de eventos	5.500	
3. Feiras e eventos promocionais		**16.000**
Fitur 2024	9.000	
Turexpo 2024	4.000	
Outros eventos	3.000	
4.Organización de eventos de promoción		**30.500**
Camiño marítimo da Ría de Muros Noia	10.500	
Press Trip (viaxes de medios á Ría)	14.000	
Presentacións a medios en orixe	6.000	
5. Materiais promocionais		**32.000**
Materiais impresos	20.000	
Liña de merchandising	12.000	
6. Outras actuacións		**21.325**
Programa de formación	6.325	
Camiños Xacobeos (cofinanc. GALP)	15.000	
7. Xestión e financiamento		**43.100**
Xerencia	36.000	
Xestoría	1.900	
Intereses e servizos financeiros	5.000	
Gastos varios	200	

3.- Concorrencia á convocatoria de axudas do GALP co proxecto: "Cultura Xacobea na Costa Sostible". Autorización á Presidencia da ARD Ría de Muros Noia a asinar un Acordo de colaboración cos concellos integrados na Asociación e outros concellos para a promoción dos camiños xacobeos e para a participar na solicitude de axudas ante o GALP Costa Sostible.

Acordos.
Apróbanse por unanimidade, en única os seguintes acordos:

3.1. Deseño e execución dun plan de actuación en favor dos camiños xacobeos en colaboración cos concellos integrados na ARD Ría de Muros Noia, concellos do Camiño de Fisterra-Muxía e concellos limítrofes a calquera destes, cun presuposto máximo con cargo á Asociación 156.000 €.

3.2. Autorizar á Presidencia a asinar un **Acordo de colaboración** con estes concellos que regule dita colaboración, co mesmo presuposto máximo a cargo da ARD Ría de Muros Noia.

3.3. Autorizar á Presidencia á **solicitar ante o GALP Costa Sostible**, xunto co resto de asinantes do devandito Acordo de colaboración, unha axuda para a execución do mesmo con cargo *ás Axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027, e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155A)* (DOG de 31/01/2024).

3.4. Facultar á Presidencia para realizar, en nome da Asociación, cantos trámites sexan precisos para a **solicitude, xestión e xustificación da devandita axuda**.

4.- Concorrencia á convocatoria de axudas da Deputación da Coruña a cargo do programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas da provincia da Coruña (DP0030/2024).

Acordos.
Apróbanse por unanimidade en votación única os seguintes acordos:

4.1. Concorrer á convocatoria de axudas da **Deputación da Coruña** a cargo do *Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas da provincia da Coruña (DP0030/2024)* (BOP do 26/01/2024), para o financiamento do proxecto Dinamización Turística do Xeodestino Ría de Muros Noia cun presuposto máximo de 90.000 €

4.2. Facultar á Presidencia para realizar, en nome da Asociación, cantos trámites sexan precisos para a **solicitude, xestión e xustificación da devandita axuda**.

A. COMUNICACIÓN DO XEODESTINO	19.000
Gabinete de comunicación	
Acordos con medios	
B. PARTICIPACIÓN EN EVENTOS DE INTERESE TURÍSTICO	12.000
FITUR 2024	
TUREXPO 2024	
PRESENZA NOUTROS EVENTOS	
C. EVENTOS PARA A PRENSA	15.000
Press trip	
Road trip	
D. FERRAMENTAS DIXITAIS	7.000
Web do Xeodestino	
Canle IP de informacion turística	
E. FORMACIÓN PARA O SECTOR TURÍSTICO	4.000
Programa de formación.	
F. EDICIÓN DE MATERIAIS PROMOCIONAIS	28.000
Edición de material promocional	
Liña de merchandising	
G. XESTIÓN DO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS	5.000
Xestión	
TOTAL	**90.000**
Subvención: 80%	72.000
Fondos propios: 20%	18.000

5.- Operacións de tesourería condicionadas con cargo á subvención da Deputación da Coruña e do GALP Costa Sostible.

Acordos.
Apróbanse por unanimidade e en votación conxunta os seguintes acordos:

5.1. Facultar á Presidenta da ARD Ría de Muros Noia para a apertura na entidade financeira Abanca Corporación Bancaria SA dunha liña de **crédito ou préstamo** achegando como garantía a axuda da Deputación da Coruña con cargo ao do *Programa de subvencións dirixido a entes de xestión, asociacións, mancomunidades e consorcios turísticos para a mellora da calidade, competitividade e actividades turísticas da provincia da Coruña (DP0030/2024)* (BOP do 26/01/2024), nas seguintes condicións:

-**O importe da operación** de crédito ou préstamo non poderá superar en ningún caso a axuda concedida pola Deputación da Coruña.

-Este acordo será efectivo, no seu caso, tras a resolución de **aprobación definitiva** da axuda por parte da Deputación da Coruña.

5.2 Facultar á Presidencia da ARD Ría de Muros Noia para a apertura na entidade financeira Abanca Corporación Bancaria SA dunha liña de crédito ou préstamo achegando como garantía a axuda obtida con cargo ás Axudas para proxectos ao abeiro das estratexias de desenvolvemento local participativo (EDLP), aprobadas aos grupos de acción local do sector pesqueiro (GALP) no marco do Fondo Europeo Marítimo de Pesca e de Acuicultura 2021-2027,

e se convocan as correspondentes ao ano 2024, tramitada como anticipado de gasto (código de procedemento PE155A) (DOG de 31/01/2024),.nas seguintes condicións:

-**O importe da operación** de crédito ou préstamo non poderá superar en ningún caso a axuda aprobada pola Consellería do Mar.

-Este acordo será efectivo, no seu caso, tras a resolución de **aprobación definitiva** da axuda por parte da Consellería do Mar.

7. Rogos e preguntas.

Prodúcense diversas intervencións de consultas sobre o estado de execución do PSTD Ría de Muros Noia, manifestándose a necesidade de avanzar na execución das actuación.

Finalizadas as deliberacións, levántase a sesión, ás 10:15 h.

Asinado, en Lousame na data indicada mediante sinatura dixital.

76517422X MARIA TERESA VILLAVERDE (R: G15797657)

Firmado digitalmente por 76517422X MARIA TERESA VILLAVERDE (R: G15797657)
Nombre de reconocimiento (DN): cn=76517422X MARIA TERESA VILLAVERDE (R: G15797657), sn=VILLAVERDE PAIS, givenName=MARIA TERESA, c=ES, o=ASOCIACION RURAL DE DESENVOLVEMENTO DA RIA MUROS-NOIA, serialNumber=IDCES-76517422X
Fecha: 2024.08.09 13:38:17 +02'00'

78793193T MANUEL GONZÁLEZ (R: P1506300A)

Firmado digitalmente por 78793193T MANUEL GONZÁLEZ (R: P1506300A)
Nombre de reconocimiento (DN): 2.5.4.13=Ref:AEAT/AEAT0145/PUESTO 1/19325/31072023115216, serialNumber=IDCES-78793193T, givenName=MANUEL, sn=GONZÁLEZ LÓPEZ, cn=78793193T MANUEL GONZÁLEZ (R: P1506300A), 2.5.4.97=VATES-P1506300A, o=CONCELLO DE OUTES, c=ES
Fecha: 2024.09.12 10:14:36 +02'00'

Dna. María Teresa Villaverde Pais	D. Manuel González López.
Presidenta da ARD Ría de Muros Noia	Secretario da ARD Ría de Muros Noia